



Parlamento das Letras: Xoán Abeleira

Publicado o [24/01/2013](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/01/24/parlamento-das-letras-xoan-abeleira/>

Xoán Abeleira é un animal poético, un ser de palabras que ensarillan en fusos negros, ouveos e repúblicas da voz. Mais sobre todo é ánima que adquire ser pleno na verba, un irse dando e abandonando estadios do canto nun continuo de depuración reencarnadora.

Narrador, tradutor, músico, xornalista, crítico literario e poeta, sempre poeta, a vida levouno de aquí para acolá, inundándolle os ollos coa luz de Maracay, a vertixe da 'villa e corte' e o fragor mariño e balconado coruñés.

Por esa razón boa parte da súa escrita primeira se desenvolveu en castelán, pero o seu retorno á terra dos pais, hai xa lustros, fixo que se adoptase definitivamente a nosa fala.

Beat, surreal e políglota, grazas ao seu empeño de ourive do verso podemos ler en galego a Rimbaud, Berger ou London, entre moitos outros, pois esas compañías sonlle gratas e van con el nunha escrita felina, de sombras axardinadas e sustento de almas, na que tamén ten cabida a memoria do mar de Man e a épica esquimó.

Atendendo o chamado amigo, quixo abrirse á conversa e deixou para nós estas pedras luminosas coas que ir sinalando o camiño.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Os primeiros textos como tales, escritos en castelán, publiquéinos en distintas revistas de Madrid, mormente nunha que creamos, varios amigos e mais eu, na Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense, chamada *Puente del aire* (e na que, por certo, tamén publicamos un conto inédito de Blanca Andreu, a quen coñecín daquela, titulado “La casa era una yegua blanca y buena”).

En canto ó —suposto— primeiro libro de meu... Malia ter empezado a escribir ben noviño, ós doce anos, agardei ata ós vinte e oito (!) para publicar dous poemarios xuntos, *Umbral del centinela* y *La piel iluminada*, volume dobre, editado por Olifante, que quedou finalista dos premios Ícaro no 1992. Digo suposto porque... Os títulos seguen a gustarme e algúns deses poemas, refeitos, foron parar logo a *Pan de ánimas*, pero os libros xa non os aprecio, en xeral.

Por iso considero que o meu primeiro poemario real foi e é *Identidades*, publicado por Hiperión. Secasí, gardo una boa lembranza daqueles libros conxuntos. Mandeille unha carta a José Ángel Valente (cousa ben simbólica, penso agora, por tratarse dun poeta galego que escribía en castelán, coma min entón) para preguntarlle se me podía “prologar” o libro, inxenuo de min. Contestoume, moi amablemente, que había tempo decidira non escribir máis prólogos para ninguén, porque esa actividade lle roubaba moito tempo. Pero na súa carta dicíame algo que lembro de cor: «Traballa vostede nunha liña que co tempo se imporá á mediocridade reinante». Logo, moitos anos despois, instalado xa na Galiza, descubrín que Valente conservara non só ese volume dobre —que eu lle remitín no seu día—, senón tamén a miña carta e unha copia da súa. Material que agora está na cátedra que leva o seu nome.

Endexamais contei isto e, se o conto agora, é *ad maiorem gloriam* súa, non miña, pois, malia non ter escrito o prólogo, foi ben xeneroso comigo.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Eu son unha persoa *venturosa de máis* —e dígoo sinceramente—. A ventura trátame moito mellor do que creo merecer... Aínda que, como dicía Hamlet: «Se tratas a cadaquén como merece, quen se libraría dunha boa malleira?».

Como tradutor —actividade que, para min, está *intimamente* ligada ó meu traballo poético— non teño queixa ningunha: os críticos sempre me trataron incrivelmente ben: se mesmo citaban o meu nome, nunha época na que se obviaba o tradutor ata na ficha do libro recensionado! E o público igual.

Como poeta, coido que o libro peor comprendido (pola súa propia natureza: a complexidade da súa estrutura hermética, *stricto sensu*, a aparente frialdade e maila dificultade implícita dos seus poemas) é *Pan de ánimas*. Os outros —dende *Identidades* a *As nosas sombras no Xardín de Serralves*— sempre atoparon xente, críticos e lectores, que conectou con eles. E iso xa é moi de agradecer.

O mesmo podo dicir dos libros —para nenos e para adultos— que escribín en prosa.

Secasí, e ende ben, nesta etapa da miña vida xa non vivo nin escribo en absoluto pendente da escravitude do qué dirán. Non porque me considere xa un gran tradutor ou un gran poeta, senón porque: a) o que verdadeiramente me interesa é *o coñecemento* que entraña o feito de crear, non o resultado en si; b) eu son a persoa máis crítica comigo mesmo e co meu labor; e c) a estas alturas da miña vida e da miña andaina creadora, sei perfectamente cando fixen un bo traballo e cando non. A opinión dos demais impórtame, abofé, e máis aínda as críticas —que eu adoito encaixar abondo ben—. Pero arestora intento que non me afecten nin as críticas nin as loanzas: manterme ecuánime ante as dúas, sen encabuxarme polas primeiras nin empoleirarme coas segundas —aínda que non sempre o consiga!

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

A *teima* que teño agora é profundar nas fontes do proceso creador —un tema que me apaixona e obsesiona—. Mormente en min mesmo: establecer un diálogo fecundo con *esoutro* que, consonte Rimbaud, pensa e fala por un... Pero hábitos ou manías... Non, agás o costume de escribir sempre a man, con pluma e tinta, os poemas.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Vou responder cun aforismo dun libro meu inédito: «Hai poetas iniciados e sentintes iniciados. Todo o demais é *literaturxia*».

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

A miña tentativa constante de non devir un literato e merecer, en troques, ser un *poeta vidente*. E un, ademais, coherente e digno, que non se venda endexamaís, a ren nin a ninguén.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Ós que literalmente amo ata o punto de que, nalgún intre de desesperación, me salvaron literalmente a vida: Rimbaud, Plath, Woolf, Hughes, Chéhov, Breton, Rilke, Lowry, Lorca, Camus, Novoneyra... Pero os libros ós que máis volvo ultimamente, os únicos que conservaría se tivese que desprenderme de todos os meus, son ós de sabedoría: o *Dhammapada*, o *Tao-te-Ching*, os *sutras* budistas... As marabillosas e beneficiosas obras de todas as espiritualidades de todos os tempos. A comezar polo xamanismo.

—¿Que cres que lles falta aínda ás nosas letras e que lles sobra definitivamente?

Faltar, fáltalles o recoñecemento que merecen, principalmente, a nivel estatal e internacional, e, asemade, fáltalles terminar de *normalizarse*, no sentido de que o mundiño literario galego —especialistas incluídos— é moi endogámico. Está moi ben que haxa un cento de ensaios sobre Rosalía de Castro, pero por que non tamén sobre Emily Dickinson ou sobre Joyce Mansour?

Sobrar, sóbralle xente desexosa de *medrar*. Pero esa xente —normalmente sen talento ningún— sobra en todas as letras. Máis aínda nas españolas, que están peor ca nunca, nese aspecto.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

O que aínda me queda por escribir: todo o bo! Pero non: se finase mañá non morrería lamentando o que non escribín, senón o que non avancei no camiño da meditación e o que non ameí nesta existencia miña. O Ben —en definitiva— que non me fixen a min mesmo e que non lle fixen ós demais. *Porque iso é o que conta* —estou certo— *na hora do pasamento*.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Mentiría se dixese que o coñezo en profundidade, porque non é así. Daquela, non podo responder. Teño inmensas lagoas. E láméntoo de verdade, pero... Estou tan metido na miña propia pescuda —precisamente porque son consciente de que podo finar esta mesma noite— que non acho tempo para ler todo o que se está a publicar. Secasí, sei que hai xente, abonda, ben valiosa. E non só no ámbito poético —o que menos mal coñezo.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Gustaríame insistir no tema de que o fin da creación non é a sona, o éxito, senón axudarnos a ser mellores e, daquela, máis felices. Sei que isto é algo que, no fondo, todos sabemos, pero tamén algo que, na superficie e no mundo superficial, todos esquecemos arreo.

A este respecto, vou dicir unha cousa que xa dixeran nalgún artigo e que, malia soar tan pretenciosa, é certa: eu xa experimentei o máximo que un creador pode acadar e recibir: emocionar, mesmo *conmocionar* ata o miolo a xente e sentir as maiores loanzas que caiba imaxinar. E non nunha, senón en varias ocasións. Pero *iso non me fixo nin mellor nin máis feliz*. Non me axudou nin un chisco a devir máis sabio e máis bo. Por iso agora intento traballar á *marxe* do mundo —que non é a Vida— e do meu ego —que, ende mal, aínda *parece estar aí*—.

Reforzar a unión que existe entre a creación como vía de coñecemento —da natureza dos seres vivos e da nosa propia natureza— e maila práctica espiritual: dous *vasos comunicantes*.

E por último, quero rematar con outro aforismo dese, devandito, libro inédito: «O verdadeiro poeta-tradutor é aquel que traduce en feitos as súas boas palabras».

Así que... a choiare!